



## ***O Seminario de Estudos Galegos: laboratorio dun plan pedagóxico para Galiza***

### ***The “Seminario de Estudos Galegos”: The Laboratory for an educational platform in Galicia***

*Antón COSTA RICO*

*Universidade de Santiago*

*De Nova Escola Galega*

*Para Isaac Díaz Pardo, o máis mozo dos vellos,  
e para os mozos máis novos*

RESUMO: O Seminario de Estudos Galegos, fundado en 1923, constituíuse en importante plataforma cultural galeguista, entre os anos 1928 a 1936, momento no que foi clausurado polas novas autoridades franquistas. Con máis de 170 socios activos, o SEG abriu diversas parcelas de estudo da realidade social, histórica, económica, e cultural de Galicia, o que se expresou nalgúns moi notables traballos de investigación, en xeiras de difusión cultural, no intercambio científico e de información con entidades académicas españolas e internacionais e na edición de libros. No SEG participaron algúns profesores atentos á problemática educativa de Galicia, e a través da Sección de Pedagogía, desde 1933, desenvolveron varias iniciativas. É o que se analiza na presente contribución, situando as súas achegas, tanto no panorama das demandas de reforma educativa española, como no contexto das orientacións educativas trazadas pola corrente ideolóxica do galeguismo. A Sección podería ter sido un Laboratorio de pensamento educativo, pero *de facto* non chegou a selo, e procúranse aquí as oportunas explicacións.

PALABRAS CHAVE: Pedagogía, Galeguismo, realidade educativa, ideoloxía, propostas e programa de intervención.

SUMMARY: The “Seminario de Estudos Galegos”, established in 1923, became an important cultural Galician nationalist platform, between 1928 and 1936, at which time it was closed down by the new Francoist authorities. With more than 170 active members, the SEG opened several fields of study related to the social, historical, economic and cultural reality in Galicia. These were brought to light in the wide variety of outstanding works of investigation, in areas

of cultural diffusion, in the exchange of scientific knowledge and data with other national and international academic organizations and in the publication of books. Also participating in SEG were teachers interested in the educational problems in Galicia, and through the “Sección pedagógica” (Pedagogical department), began to develop a number of different initiatives as of 1933. This article presents an analysis of these facts, placing emphasis on contributions from the demands of educational reform in Spain and on the context of educational orientations laid down by Galician nationalist ideology. The “Sección” could have been a “Laboratorio de pensamento educativo” (laboratory of educational thinking) but this in fact did not occur. This article explores the pertinent explanations.

KEY WORDS: Pedagogy, Galician nationalism, educational reality, ideology, proposals and intervention program.

### Realidade, símbolo e semente

O Seminario de Estudos Galegos (en diante, SEG), que en 1923, puxeron a andar un pequeno grupo de estudantes e profesores universitarios compostelanos, tiña como pretensión realizar o estudo da realidade de Galicia nos seus diversos aspectos constitutivos, encamiñado ao mellor desenvolvemento social e cultural e á incorporación de Galicia ao escenario internacional dos pobos e das culturas, facéndoo con conciencia colectiva e con voz propia.

Nacía o SEG porque existía un contexto que favorecía a consolidación de dinámicas rexionalizadoras que contrapesaban, sen dúbida, a tendencia unitarista e española, coa que se estaba a fraguar o Estado español.

Facíao, igualmente, grazas á existencia de sectores intelectuais e de vertentes políticas rexionalistas que, entre nós, se acollían baixo a expresión ampla do galeguismo. Podemos recordar que no mesmo ano de 1923 morría Manuel Murguía, o grande e erudito historiador (*Historia de Galicia*, 1885), o home de Rosalía de Castro e primeiro presidente da Real Academia Galega, fundada en 1906, mercede a impulsos unidos dos galegos de América. En 1907 fundáranse *Solidaridad Gallega* e o periódico *A Nosa Terra* (que hoxe seguimos lendo). En 1916 constituíranse as *Irmandades da Fala*. En 1920 fundárase a importantísima revista cultural *Nós*, e aínda en compañía do SEG aparecerán: a *Escola do Insiño Galego* da Coruña (no mesmo 1923) e de seguido ás Editoriais *Lar* (1924) e *Nós*, a que desde 1927 impulsará tamén Anxel Casal<sup>1</sup>.

Nacía, así, o SEG cando existía una recoñecida rede galeguizadora, por máis que non estivera consolidada por completo. O SEG escolle como fórmula organizativa nuclear a de Seminario<sup>2</sup>, a que era a dominante como metodoloxía de investigación e de formación nas

---

<sup>1</sup> Anxel Casal, impulsor tamén da *Escola da Coruña*, foi asasinado en 1936 sendo o alcalde da cidade de Santiago. Era destacado militante do Partido Galeguista.

<sup>2</sup> Cunha ordenación interdisciplinaria para potenciar os resultados das investigacións.

universidades alemáns da época, quizais o mellor espello intelectual daquel tempo. Seguíanse, por outra parte, os pasos encetados por Cataluña en 1907, ao crearse alí o *Institut d'Estudis Catalans*. E deixárase sentir algunha influencia da 'JAE', o organismo creado pola Administración Española para o impulso da política científica, coa denominación de Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas.

Nacía, por fin, como atributo amoroso ao Padre Sarmiento quen, por volta de 1771, falara da necesidade de que se reuniran en Compostela una dúcia de *Alethophilos*, amantes dos saberes, para proceder ao estudo da realidade de Galicia, a fin de compoñer os precisos libros das diferentes temáticas do país, para que puidesen servir aos nosos escolares.

A través dunha paulatina incorporación de homes e de mulleres (estas con menor presenza), case sempre de vencello universitario, chegaron a formar parte do SEG uns 170 socios, coa compañía dun amplo número de socios colaboradores e protectores (no senso social e económico). Polo que o SEG fixo (ata 1936), e polo que comezaba a simbolizar, chegou a acadar un apreciable recoñecemento social, institucional e académico. Nunca Galiza tivera una instancia colectiva coma esta, un cerebro intelectual vivo en intres de muda e cando o País se predispónía a encetar o réxime político autonómico.

O 36, tamén aquí supuxo a desfeita e a interrupción das enerxías culturais acumuladas. Como sinalou Francisco del Riego: "A obra do SEG foi interrompida violentamente no momento máis fecundo e prometedor da súa política cultural"<sup>3</sup>.

Aínda así, a memoria do que fora o SEG perdurou. Como memoria fértil serviu para promover novas iniciativas culturais, tanto por parte dos exilados políticos republicanos galegos en América, como na mesma Galiza. De alí, podemos recordar as varias coleccións editoriais e editoras bonaerenses (Atlántida, Nova,...), ou a *Historia de Galicia* de 1963, entre outras iniciativas<sup>4</sup>; de aquí, cómpre lembrar a creación das editoras Galaxia e Monterrey (1950) e do Castro, a creación do Museo do Pobo Galego (1975), que mesmo incorporou nos seus fondos una pequeniña parte do que foran fondos do SEG, ou a creación do novo SEG en 1978<sup>5</sup>.

Por iso é que, ademais de ser una realidade precisa, o SEG serviu de semente e é hoxe considerado un símbolo, una magnífica representación do pulo creador e galeguizador, encadrada no contexto do brillante momento cultural hispano que actualmente coñecemos como *Idade de Prata*.

---

<sup>3</sup> DEL RIEGO, F., "Testemuños", in CUADERNOS DO LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA, *Testemuños e perspectivas en homenaxe ao SEG*, O Castro, Sada, 1978, p. 27.

<sup>4</sup> Vid. CUPEIRO VÁZQUEZ, B., *A Galiza de Alen mar*, O Castro, Sada, 1989; NUÑEZ SEIXAS, X. M., *O Galeguismo en América, 1879-1936*, O Castro, Sada, 1992; SIXIREI PAREDES, C., *Galeguidade e cultura no exterior*, Xunta de Galicia, Colec. A Nosa Diáspora, Santiago de Compostela, 1995.

<sup>5</sup> Nun amplo acto celebrado no aínda recente Salón de actos do Museo do Pobo Galego, onde se elixiu nunha Comisión Xestora, da que fomos parte, como instancia previa á pronta constitución definitiva, co máximo impulso a cargo do creador e intelectual Isaac Díaz Pardo, e a participación de destacados referentes do vello SEG.

## Unha institución científico-cultural

Expresouno en precisas e adecuadas palabras Alfonso Mato, quizais o seu mellor estudoso:

“O SEG foi una institución científico-cultural ligada á Universidade compostelá que durante os seus trece anos de vida (1923-1936) integrou no seu seo profesorado e alumnado universitario, intelectuais galeguistas da xeración Nós e das Irmandades da Fala e membros salientables dos distintos cenáculos da erudición local galega. Estructurado en 14 seccións, que abarcaban boa parte das disciplinas científicas da época, sobre todo do campo das Letras, chegou a ter máis de 200 socios e socias activas.

Na súa sede do Colexio de Fonseca reuniu unha importante biblioteca e un pequeno museo, no que estaban expostas as súas coleccións arqueolóxicas, etnográficas e artísticas. Pódese dicir que o SEG foi unha institución que pertenceu á mesma árbore xenealóxica que iniciou en 1876 a Institución Libre de Enseñanza e que inspirou as mellores empresas culturais da España do primeiro terzo do século XX, como a Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907), o Institut d'Estudis Catalans (1907) ou a Residencia de Estudiantes (1910). De xeito parello ás institucións citadas, o Seminario axudou á formación dunha elite cultural que, de non ser pola ruptura de xullo de 1936, semella que estaba destinada a desempeñar un papel importante en Galicia”<sup>6</sup>.

Faremos unha breve glosa. O 12 de outubro de 1923 un grupo de mozos universitarios, coa aquiescencia dos profesores universitarios Armando Cotarelo Valledor, que foi nomeado primeiro Presidente, e Salvador Cabeza de León, que tamén sería electo Presidente posteriormente, constituiría simbólicamente este SEG logo dunha camiñada ata Ortoño, a casa natal de Rosalía de Castro, no fermoso e fértil Val de A Maía.

O SEG nacía vencellado á Universidade de Santiago, e a esta institución permanecería ligado..., o que contribuíu para abrir a Universidade á galeguización da formación. Así o recolleu o periódico *A Nosa Terra*<sup>7</sup>, ao informar sobre o nacemento da iniciativa. E, en efecto, foron numerosos os universitarios, tamén de ciencias, os que se írían incorporando ás súas actividades diversificadas entre: a formación de investigadores (a través das accións das diversas seccións), e a difusión cultural (neste caso, a través da publicación de

---

<sup>6</sup> MATO, A., *O Seminario de Estudos Galegos*, Edicións do Castro, Sada, 2001, pp. 116, 131 e 132.

<sup>7</sup> “Na Universidade compostelá. Seminario de Estudos Galegos”, *A Nosa Terra*, nº 195 (1-XII-1923), p. 3: “Afecta á sección de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, creouse un Seminario de Estudos Galegos, do que é presidente o noso distinguido amigo e ilustre catedrático D. Armando Cotarelo Valledor. Este Seminario promete ser un centro de gran importancia para o fomento e cultivo non sómente da literatura rexional senon tamén para as ciencias históricas e para o desenvolvemento da vida galega nun amplo orde cultural. Na Cruña ven funcionando tamén un Instituto de Estudos Gallegos. Mais, francamente, parécenos que nen a súa orientación nen a intensificación do seu traballo fará gran cousa en ben de Galicia. O de Santiago, sí: o de Santiago, ademais de estar presidido por un home cultísimo, de verdadeiro valer e fundamento galeguista, ten entre os seus socios de todas crases o máis frorido da mocidade galega que sinte arder no seu peito o amor ao ideal d'un griorioso rexurdimento da nosa Galicia”.

traballos escritos con diverso alcance, das xeirás culturais, dos ciclos de conferencias, e tamén da creación literaria e o cultivo estético)<sup>8</sup>.

O SEG fora creado baixo a influencia directa, aínda que non premeditada do Grupo Nós de Ourense; “da semente de Nós nace o SEG”, escribiu Xaquín Lourenzo Fernández (o etnógrafo *Xocas*)<sup>9</sup>, o que tamén confirmou Ramón Martínez López: “A revista Nós e o SEG foron dous feitos culturais paralelos e complementarios”<sup>10</sup>. De feito, membros tan destacados de Nós como foron López Cuevillas, Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Xaquín Lourenzo, foron, igualmente, membros absolutamente relevantes do Seminario. Indirectamente, a existencia doutros organismos similares serviu, asemade, para impulsar tal creación, no dicir de Xosé Filgueira Valverde:

“En Galicia era necesario este movimiento de colaboración docente e investigador... Hubimos de inspirarnos en el ejemplo de labor de cultura y de patriotismo de la Sociedad de Estudios Vascos, institución que tanto ha elaborado por la valoración cultural de aquel país (...). Del Instituto de Estudios Catalanes, exaltador ferviente de las virtudes de aquella tierra. De la Junta de Ampliación de Estudios, que como se sabe va a la cabeza del movimiento intelectual del momento. Todo ello impeliónos a abordar esta obra”<sup>11</sup>.

O SEG concebiuse sobre a base da existencia de socios activos, que logo de ser captados debían presentar un traballo orixinal e inédito sobre un tema galego, para conformar a súa pertenza ao Seminario, e cando menos un traballo anual obrigatorio<sup>12</sup>, e de socios protectores. Preveuse, por outra parte, a elección en Asamblea –rexida, como todo o SEG, por uns Estatutos- da Xunta Directiva (composta por un Presidente, un Secretario Xeral, un Secretario de Actas e un Tesoureiro), e dun Consello Director (composto polos membros da Xunta Directiva, os directores das Seccións –que agrupaban aos socios activos- e os conselleiros permanentes, aqueles que co paso dos anos deixaran de ser parte da Xunta Directiva). Este Consello Director debía reunirse anualmente en sesión plenaria.

No día a día e desde a súa creación en 1923 houbo varias modificacións e diversas incidencias neste modo de estruturación. Así, se durante os tres primeiros cursos ingresaron 76 socios, só se presentarían 46 traballos, sendo moi irregular a creación e o funcionamento das Seccións, que foron reestruturadas en 1926 con ocasión da IIª Xuntanza Xeral do SEG. Unha nova reestruturación xeral das Seccións tivo lugar en xaneiro

---

<sup>8</sup> LORENZANA, S.: “Pretérito, presente y futuro del arte y de las letras en Galicia. El arte barroco se armoniza con nuestro humanizado paisaje .La generación de la “Academia” y la del “Seminario”. La Noche, 25.VII.1949, p. 5.

<sup>9</sup> SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, *O Seminario de Estudos Galegos, 1923-1934*, Nós, Santiago de Compostela, 1935; Apéndices’.

<sup>10</sup> MARTÍNEZ LÓPEZ, R., ‘O Seminario de Estudos Galegos, 1923-1924.’ Apéndice’, *El Correo gallego*, 1-X-1992; Sec.: *Revista de Letras* nº 21.

<sup>11</sup> Da entrevista realizada polo xornalista Juan J. González, “Una visita al Seminario de Estudios Gallegos”, *El Pueblo Gallego*, 1.XII.1927, p. 11.

<sup>12</sup> Unha achega a modo de Comunicación ou de artigo académico e/ou de difusión cultural. Isto eran máis as intencións estatutarias que a realidade do acontecido en cada caso individual, ao rexistrarse condutas bastante dispares a este respecto, sempre á beira dun considerable número total de traballos presentados como balance do Seminario. Vid. MATO, A., *O Seminario de Estudos Galegos, op. cit.*, p. 33.

de 1930. No período 1926-27 a 1929-30 (catro anualidades) presentáronse 95 traballos, 50 deles de ingreso, sendo 18 deles obras de creación literaria ou artística. As Seccións de Historia, Ciencias Naturais, Prehistoria, Historia da Arte, e de Etnografía e Folclore, serían as máis produtivas. Incorporáronse ao SEG 40 novos socios activos nos anos da República (1931-1936), facéndose notar agora os novos profesores universitarios, seis ou sete en todo caso.

Nestes anos rexistra o investigador Alfonso Mato o tempo de máis intensa actividade e mellor estruturación do SEG, aínda que non fora menor a actividade e a produtividade rexistrada no período 1928-1930. Como exemplo, indicamos a composición do Consello Director rexistrado en 1934:

**A.- Comisión Directora:**

Presidente: Dr. Luis Iglesias Iglesias (Vicerreitor da Universidade, elixido á morte de Salvador Cabeza de León).

Secretario Xeral: Fermín Bouza Brey.

Secretario de Actas: Sebastián González García-Paz.

Depositario: Felipe Cordero Carrete.

Contador: Xaime Vidal Rei.

**B.- Conselleiros permanentes:**

Armando Cotarelo Valledor, Xosé Filgueira Valverde, Lois Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Salustiano Portela Pazos, Ricardo Carballo Calero, Paulino Pedret Casado, Xoaquín Lourenzo Fernández, Alfonso Vázquez Martínez.

**C.- Directores de Sección:**

Arte e literatura: Afonso Rodríguez Castelao.

Xeografía: Ramón Otero Pedrayo (Prof. Instituto de Ourense)

Etnografía e Folclore: Vicente Risco (Prof. Escola Normal de Ourense).

Historia: Vacante polo pasamento do Dr. Cabeza de León.

Ciencias Aplicadas: Manuel Gómez Román (arquitecto).

Pedagogía: Manuel Díaz Rozas (inspector-xefe do ensino primario en A Coruña).

Arqueoloxía e Historia da Arte: Xesús Carro García (coengo compostelano).

Filoxía: Paulino Pedret Casado (coengo compostelano).

Historia da Literatura: Xosé Filgueira Valverde (Prof. Instit. De Pontevedra).

**C. Sociais, Xurídicas e Económicas.: Lois Tobío Fernández.(Prof. Univers)**

Ciencias Naturais: Lois Iglesias Iglesias (Prof. da Universidade).

Laboratoriode Xeoquímica: Isidro Parga Pondal. (Prof. da Universidade)

Prehistoria: Florentino López Cuevillas (arqueólogo).

Laboratorio de Psicotecnia: Antonio Iglesias Vilarelle (profesor universitario).

As seccións relacionadas coa temática arqueolóxica e histórica, coa etnografía e o folclore, coa arte, coa filoloxía e a literatura, coa xeografía, e coas ciencias naturais e da terra, foron as máis produtivas académicamente, aínda que tamén a relacionada coas ciencias sociais, o dereito e coa economía adquiriu un certo pulo e unha resoancia histórica notable, por mor da presentación do *Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia* en 1931.

Outras contribucións moi notables sinaladas sumariamente e por anualidades poden ser:

1924	Inicio do Ficheiro Bibliográfico de Galicia
1925	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aparición do primeiro dos textos editados directamente polo SEG: <i>Os nenos</i>, de Xosé Filgueira Valverde</li> <li>Inicio da catalogación dos castros de Galicia.</li> </ul>
1926	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estruturación das seccións</li> <li>Inicio da publicación do <i>Vocabulario popular galego-castelán</i>.</li> </ul>
1927	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inicio da publicación periódica de estudos do SEG, os <i>Arquivos</i>, dos que saíran seis tomos, con traballos presentados polos socios.</li> <li>Inicio das famosas e repetidas xeiras territoriais de investigación xeográfica, etnográfica e histórica, que darán lugar á publicación de libros como o notable <i>Terra de Melide</i> (1933), entre outros.</li> <li>Publicación de varios textos de xeografía e historia de Galicia.</li> </ul>
1928	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inicio dos traballos sobre economía e autonomía administrativa</li> </ul>
1929	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constitución na Universidade do Laboratorio de Fitopatoloxía en colaboración co Seminario</li> </ul>
1930	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apertura ao público da Biblioteca especializada e con varios milleiros de volumes.</li> <li>Exposición permanente da colección etnográfica no Pazo de Fonseca</li> </ul>
1931	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración e publicación do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia</li> </ul>
1932	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballos de paleografía</li> </ul>
1933	<ul style="list-style-type: none"> <li>Edición do <i>Terra de Melide</i>, entre outros</li> <li>Aprobación e difusión das Normas Ortográficas da Lingua Galega</li> <li>Creación das Seccións de "Historia da Literatura" e de "Pedagogía".</li> </ul>
1934	<ul style="list-style-type: none"> <li>Posta en marcha do Laboratorio de Psicotecnia</li> <li>Posta en marcha do Laboratorio de Xeoquímica, na Universidade</li> </ul>
1935	<ul style="list-style-type: none"> <li>Edición do <i>Corpus Petroglyphorum Gallaeciae</i> e do <i>Codex Calixtinus</i>, magno códice do século XII da Catedral Compostelana.</li> <li>Semana Cultural, do SEG en Porto</li> <li>Cursos de Extensión Escolar en Pontevedra e Vigo</li> </ul>
1936	<ul style="list-style-type: none"> <li>Prohibición das actividades do SEG por parte das novas autoridades franquistas e incautación dos seus bens e entrega á Universidade en 1939.</li> </ul>

As actividades de investigación que foron, en parte, sostidas co apoio docente, investigador e infraestrutural da Universidade de Santiago, coa que sen embargo non sempre as relacións foron fluidas<sup>13</sup>; o que estas actividades significaban como formación para un bo número de socios; a difusión académica e cultural realizada; as xeirais territoriais; a presenza nos medios de comunicación; a relación cos líderes políticos, a través das súas propostas político-administrativas e económicas, e a comunicación académica, sostida a través da correspondencia e as visitas, con outras institucións e centros culturais españois ou estranxeiros<sup>14</sup>, ademais do sostemento da Biblioteca e dunha Exposición etnografía e arqueolóxica permanente, contribuíron a dar unha crecente lexitimidade social e institucional ao SEG, que, deste modo, foi acadando un recoñecible respecto e eco social, non exento, con todo, dalgunas críticas, ben polo seu galeguismo nuns casos, ou ben pola súa tonalidade ideolóxica máis conservadora que progresista<sup>15</sup>. É procedente sinalar, ademais, en palabras de F. del Riego que 'O SEG elaborou unha literatura didáctica que tivo singular releve na evolución da prosa científica galega'<sup>16</sup>.

O novo réxime político franquista desautorizou por completo o conxunto do labor do SEG, que foi obrigado a finalizar as súas actividades. Unha boa parte dos socios activos eran politicamente republicanos e/ou galeguistas, que deran o seu apoio á Fronte Popular: unha parte deles saíron ao exilio, morrendo nel unha ducia deles; outros foron sancionados, outros recluíronse no 'exilio interior', e só unha reducida parte deles se integrarían nas tarefas e organizacións do réxime franquista.

### **A Galiza do primeiro terzo do s. xx: escenarios, debates e propostas educativas**

A sociedade galega de comezos dos anos vinte é aínda un espazo afirmado no modelo das sociedades tradicionais e rurais europeas. Pero é xa tamén, por máis que dun modo "periférico", unha sociedade en proceso de cambio. Con importantes dinámicas e tensións conflitivas no seu seo. A profunda ruralización do espazo, que tradicionalmente viña coexistindo cos limitados e reticulados espazos urbanos, agora estaba a ser remodelada mediante a aparición de espazos mixtos, por mor tanto do incipiente crecemento urbano,

<sup>13</sup> O galeguismo do SEG e a súa atención aos intereses sociais, económicos e culturais de Galicia foron motivo dalgunha conflitividade coas autoridades universitarias, antes dos sucesos de 1936, ou mesmo de disintonía entre socios colaboradores (por exemplo, a Sociedade Nazionalista Pondal de Buenos Aires) e a Comisión Directora do SEG, cando este foi presidido en 1931 polo profesor Luis Iglesias Iglesias, tamén Vicerrector da Universidade e desafecto á causa galeguista.

<sup>14</sup> A correspondencia actualmente conservada entre outros fondos do SEG no "Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento", como nova institución que quixo substituír ao SEG a partir de 1944, permite coñecer que se mantivo unha considerable correspondencia con institucións de Alemaña, Argentina, Portugal, Francia (a Bretaña), Inglaterra, ou os EEUU, e outra esporádica con máis dunha ducia de países. En España a correspondencia máis notable tívose con centros e institucións de Madrid (Ministerio de Instrucción, JAE) e de Cataluña (O Institut d'Estudis Cataláns).

<sup>15</sup> En Galicia houbo sectores e personalidades ligadas ao republicanismo de esquerdas e aos sectores obreiros organizados que mantiveron algunha distancia dunha institución que tiña no seu seo socios clericais, algúns tradicionalistas, ou algúns outros con vencellos monárquicos ou carlistas igualmente de manifestación conservadora.

<sup>16</sup> FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F., "Testemuños", en CUADERNOS DO LABORATORIO DE FORMAS, ... *op. cit.*, p. 28.



máis marcado nos casos de A Coruña e de Vigo, como dos gromos de industrialización que aparecían aquí e acolá, e pola aparición na paisaxe de edificacións para uso residencial que se distinguían da casa labrega tradicional, mostrando, pola contra, unha fasquía urbana a miúdo novedosa.

Unha Galiza en proceso de cambio, en efecto. A moi intensa emigración a América sostida por máis de 50 anos comezaba a deitar consecuencias visibles en Galiza, como estas sinaladas. E logo, non debemos menosprezar o que significaba formar parte dunha España que no seu conxunto vivía intensos procesos de cambio que tiñan na urbanización, nas redes de comunicacións terrestres por estrada e ferroviarias, e na superior capacidade de actuación das Administracións públicas mostras ben evidentes de tales procesos, ao punto de falar a historiografía dunha modernización estrutural da sociedade española que, sen dúbida, afectou asimesmo a Galiza, por máis que acontecera aquí con rasgos incertos e imprecisos.

Novos conflitos cobraron, pola súa parte, forza. O incipiente movemento obreiro galego de comezos do século XX tiña xa agora nos anos Vinte líderes recoñecidos, sociedades de solidariedade e sindicatos, ademais dunha certa historia de loitas sociais e sindicais, e algunhas plataformas de expresión colectiva, de índole política, como cultural<sup>17</sup>. O agrarismo tiña unha evidente forza, e só abonda con pensar en Chinto Crespo, en Basilio Álvarez, en *La Zarpa*, e nas varias loitas e ducias de labregos mortos por actuacións da Garda Civil ás ordes dos Gobernadores Cívís. De modo complementario hai evidentes movilizacións ideolóxicas e varias plataformas de opinión, aínda non ben consolidadas.

Neste contexto aumenta a demanda social de alfabetización e de escolarización; que é tamén de escolarización diversificada: de máis Institutos de Bacharelato, de máis e distintos centros con ensinanzas profesionais, de máis Facultades na Universidade de Santiago, e, por suposto, de máis escolas e mestres. As escolas e os mestres aumentarán ao longo dos anos vinte<sup>18</sup> por efecto tanto da notable creación de escolas públicas, como pola acción continuada que viñan desenvolvendo os indianos e as “Sociedades de Instrucción” (coa numerosa creación de “escolas dos americanos”)<sup>19</sup>, e aínda por mor da apertura de centros de titularidade privada (colexios e academias).

O Estado e os sectores aristocrático-burgueses, que arestora o controlaban, estaban interesados nunca importante operación de modernización e de españolización: a construción dunha identidade política nacional española viña sendo un empeño que os gobernos do Xeneral Primo de Rivera non fixeron máis que procurar intensificar, cuestión que preci-

<sup>17</sup> A historiografía de Galiza contemporánea trasládanos esta xeral imaxe da sociedade galega, das súas dinámicas e da súa conflictividade, segundo apuntan entre outros, os numerosos traballos de Beramendi, Barreiro Fernández, Fernández Prieto, J. A. Durán, Lieceaga, Villares, Beiras Torrado, e do Colectivo Xerminal.

<sup>18</sup> Témosto, así, afirmado coa pertinente apoxatura estadística en COSTA RICO, A., *Escolas e Mestres. A educación en Galicia. Da Restauración á IIª República*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1989, e COSTA RICO, A., “Os anos vinte do século XX: a afirmación do modelo escolar”, en LÓPEZ GARCÍA, X. (Ed.), *O xornal Galicia (1922-1926)*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2004, pp. 59-70.

<sup>19</sup> Véxanse, a este respecto, os textos e aportacións realizadas, entre outros, por Peña Saavedra, Malheiro Gutiérrez e por nós mesmos.

sou dun esforzo público de creación escolar<sup>20</sup>, conxugándose as estimadas necesidades políticas, coas económicas e aínda, nalgunha medida, coas demandas sociais, que, con todo, quedaron en boa medida insatisfeitas á fin destes anos, de darmos credibilidade ás notas xornalísticas, limpas e críticas, do xornalista e político Luis Bello<sup>21</sup>. Unhas demandas e necesidades que serán reinterpretadas e atendidas máis adecuadamente no tempo limitado da IIª República.

### A educación: “un problema nacional” español

O chamado “Desastre do 98”, con referencia á 1898 como o ano que marca o final das posesións coloniais do Estado español, foi ocasión propicia para facer unha revisión do que España podía ser e podía aspirar a representar na escea internacional, e como noutras ocasións, a cuestión do estado da educación apareceu como unha das centrais claves de resolución dos “problemas de España”.

“Dispensa y escuela” fora o eslogan de Joaquín Costa no marco da apreciable campaña rexeneracionista<sup>22</sup>. O Museo Pedagógico Nacional con Cossío e con Luzuriaga puxo sobre a mesa a cuestión do analfabetismo e o estado do ensino primario. Para a “Institución Libre de Enseñanza” a modernización pedagóxica era estritamente urxente e necesaria. Cesar Silió, en 1914, falaba da “educación nacional”, do “problema pedagóxico español”<sup>23</sup> e da “necesaria reacción educativa”. Luis Bello nas súas crónicas desde 1925 seguía reclamando o protagonismo da educación pública para a transformación da vida social española.

Pero, ao tempo que se suscitaba una maior conciencia social e política sobre a necesidade de abordar o desenvolvemento educativo, non é menos certo que tamén se ían manifestando diferentes concepcións e sensibilidades sobre as finalidades, a funcionalidade, a organización e o protagonismo que podería corresponder aos diferentes actores do sistema educativo español. Así, desde as distintas instancias políticas, a Igrexa, o movemento obreiro, os sectores liberais, os reformistas, os rexionalismos, os conservadores... foron expoñéndose varias perspectivas, con importantes coincidencias, pero igualmente con diverxencias evidentes. Eran diversos os enfoques tendo por base diferentes horizontes e propostas de sociedade, e distintos supostos sobre o exercicio do poder e a súa lexitimidade<sup>24</sup>.

<sup>20</sup> Sobre isto, poden verse as aportacións realizadas, entre outros, por María del Mar del Pozo Andres, así como o nº 26 da revista *Historia de la Educación. Revista interuniversitaria*.

<sup>21</sup> Entre o conxunto das crónicas xornalistas para *El Sol* escritos por Bello sobre a situación escolar en España, están os 37 textos referidos a Galicia, agrupados en 1974 para a súa edición como *Viaje por las escuelas de Galicia*, na editorial Akal, con estudo introdutorio de Anaya Santos. Unha nova edición foi feita en 2010 a cargo de Nigratrea, con renovado estudo e notas críticas de Antón Costa Rico.

<sup>22</sup> COSTA, J., *Notas pedagógicas. Maestro, Escuela y Patria*. Vol. X de “Biblioteca Costa”, Madrid, 1916.

<sup>23</sup> SILLÍO, C., *La Educación Nacional*, F. Beltrán, Madrid, 1914.

<sup>24</sup> É ampla, rica en datos e valiosa a historiografía ao respecto, da que so enumeraremos dous textos de diferente feitura: CUESTA ESCUDERO, P., *La escuela en la reestructuración de la sociedad española (1900-1923)*, Siglo XXI, Madrid, 1924; VIÑAO FRAGO, A., *Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX*, Marcial Pons, Madrid, 2004.

A este respecto, quero salientar aquí dous dos enfoques da cuestión educativa que acadaron un recoñecible protagonismo. Un, o expresado polos rexionalismos, os que en varios casos, como o galego, sendo conscentes da necesidade de proceder a unha reorganización e a un mellor desenvolvemento da educación e da súa capacidade de resposta social, cultural e económica, vencellaban esta aposta á existencia demandada dun Poder político "rexional", complementario pero distinto do Poder político central e uniformador. Asunto que aquí nos interesa.

O outro enfoque, e o que representaba a alternativa ou a proposta programática socialista (PSOE) formulada en 1918<sup>25</sup>, pois sendo unha simbiose do rexeneracionismo institucionalista e o pensamento socialista, representa, segundo os historiadores, a máis globalizadora proposta de principios para a reforma política da "educación nacional" española, a que, en todo caso, orientou a política educativa do Primeiro Bienio republicano.

A grandes liñas, a proposta incluía:

- Escola pública neutra
- Esencialmente función do Estado
- Escola unificada (nas súas etapas e niveis)
- Escola activa (na súa metodoloxía didáctica)
- Con carácter social (como vía de integración e ascenso social)
- Escola graduada
- Con coeducación de sexos (contra a discriminación de xénero)
- Con formación pedagóxica e de carácter universitario por parte de todo o seu profesorado

Isto é, propoñíase unha educación con protagonismo do sector público, ao servizo dunha cidadanía de homes e mulleres, para o contexto dunha sociedade democrática; con separación entre a Igrexa e o Estado, como principio implícito na reclamación dunha educación "neutra"; unha educación para todos, que non discriminara por motivo económico e/ou social, cuns modos de proceder didáctico orientados polo que era o movemento internacional da Escola Nova, que propoñía o "activismo didáctico", e unha certa aínda que imprecisa "educación politécnica".

Estamos ante un enfoque que tomaremos en consideración polo seu carácter de proposta globalizadora para a reforma educativa á hora de valorar as propostas do galeguismo.

---

<sup>25</sup> O documento titúlase *Bases para un programa de Instrucción Pública, que presenta "La Escuela Nueva" de Nuñez de Arenas, al XI Congreso del PSOE, de 1918*, tendo sido redactado polo destacado pedagogo e ideólogo Lorenzo Luzuriaga, figura entre nós ben estudiada por Herminio Barreiro.

### O galeguismo e as súas propostas educativas (1888-1923)

Dende finais do século XIX temos constancia de que unha certa reclamación sobre a educación, o seu estado e a súa organización en Galiza, estivo de seguido presente entre as reivindicacións e reflexións do galeguismo, aínda que dun modo xeralmente precario.

Nesta reflexión planteouse a necesidade de contar cunha congruente comunicación entre a cultura escolar (e o seu soporte lingüístico) e a cultura ambiental dos cidadáns, polo que, sendo o galego a mellor e a máis acaída expresión do noso mundo, debía formar parte, ou mellor aínda ser o cerne e articular a cultura escolar, de modo que canda as palabras, a nosa xeografía, a nosa historia, os valores contruídos polos galegos, e os saberes acumulados en tantos campos, tamén se insertasen no mundo escolar dándolle vida.

Foise facendo esta reflexión ao longo da segunda metade do século XIX (Murguía, Brañas, Soto Campos) e tenuamente avanzou ata o momento da fundación das Irmandades da Fala. Unha reflexión formulada a miúdo con algún temor, dada a postergación á que se vira reducida a lingua galega, no relativo aos rexistros e usos cultos. Parecería demasiada utopía, naquel senso primeiro que Tomé Moro sinalara; “Os utopianos aprenden as ciencias na súa propia lingua; lingua rica, harmoniosa, que é fiel intérprete do pensamento”. Pero aínda así a convicción de ser o correcto ía consolidándose (Ortiz Novo, Ribalta...), sendo posible, entón, elaborar propostas para a galeguización do sistema educativo (Viqueira, Risco, Casal), procedéndose mesmo a construír expresións prácticas de tales propostas.

Entre o tempo inicial das Irmandades e o Estatuto de Autonomía (1916-1936), un período breve pero de intensa mobilización democrática e social, elaborábase o ideario educativo do galeguismo, un ideario con marcas firmes e declaradas a prol de definir e construír un sistema educativo galego, isto é, deseñado e dirixido desde as desexables institucións parlamentarias e de goberno político propias de Galicia, aberto ao conxunto da cidadanía, como un factor fundamental de desenvolvemento cultural e socio-económico e medio tamén de mobilidade e democratización social. Aínda que era este un ideario non exento de limitacións e silenzos, en parter motivado polo confeso interclasismo da filosofía política do galeguismo.

A cultura galega, nunha acepción antropolóxica, debía formar parte, xunto coa lingua, da escola galega, a “nosa escola” (tamén os nosos institutos, centros técnicos, e Universidade). Este foi o anxeio perseguido e, ás veces tamén, parcialmente construído na práctica, tal como tivemos ocasión de refrexar en *Escolas e Mestres* (1989)<sup>26</sup> e, como se

---

<sup>26</sup> Véxanse, en particular, as pp. 338-357. Unha primeira achega édita foi a que realizamos conxuntamente con Narciso de Gabriel en “O galeguismo e o debate escolar”, in DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA, *II<sup>as</sup> Xornadas de Lingua Galega no ensino*, Consellería de Educación/Xunta de Galicia, 1985, pp. 193-212. Volve-mos sobre a cuestión en COSTA RICO, A., “El libro escolar en gallego”, in ESCOLANO BENITO, A. (Dir.), *Historia ilustrada del Libro Escolar en España. Del Antiguo Régimen a la II<sup>a</sup> República*, Fundación G. Sánchez Ruipérez, Madrid, 1997, pp. 579-598.

pode percibir en textos escritos por Narciso de Gabriel<sup>27</sup>, Sabela Rivas Barros<sup>28</sup>, e máis recentemente por José Fernández Fernández<sup>29</sup>.

Se ben, é mester sinalar que estamos ante reivindicacións e propostas expresadas xeralmente mediante textos xornalísticos breves e puntuais, con algunhas excepcións que anotaremos, e non obedecen, pois, a consistentes formulacións, de carácter individual ou grupal, acordes con visións e enfoques organizados con algunha sistematicidade en relación con toda a articulación dun sistema educativo observado dende un enfoque político ou cultural global.

Son notas que reflexan un estado crítico e algúns desexos formulados dende sensibilidades galeguistas. Alúdese nelas á problemática de grave inasistencia escolar debida ou ao traballo infantil, ou á mala climatoloxía, ou ao escaso atractivo dos programas e das escolas, ou á distancia entre os lugares de residencia dos nenos e as escolas e o mal estado dos camiños, e sobre todo isto o Congreso dos Diputados no tempo da República tería ocasión de escoitar as graves queixas galegas presentadas por Castelao, por Otero Pedrayo e moi principalmente por Suárez Picallo. Quéixanse, de seguido os galeguistas, sobre a distancia cultural entre o contorno galego-falante e a escola desenvolvida en castelán, e mesmo en ocasións atendidas por mestres ou mestras non galegos; ao respeito, piden que a comunicación en galego entre os mestres e o alumnado se faga en galego e que se reserven tempos da escola para facer algunhas lecturas literarias en lingua galega a tal como *de facto* facían algúns mestres, segundo se deixa constancia en varios artigos da revista *Estudios Gallegos* que entre 1915 e 1916 dirixía Aurelio Ribalta, un dos máis destacados rexionalistas do momento. En menor número de ocasións, a reclamación vai cara á presenza da materia de Lingua e Literatura Galega nas Escolas de Maxisterio de Galiza, e na propia Universidade de Santiago, e cara a presenza de contidos relacionados coa lingua, a literatura, a historia e a xeografía de Galicia nas escolas primarias e aínda nos estudos de Bacharelato, e nos universitarios.

Na reivindicación está tamén presente o tratamento a dar á escola rural; a miúdo, demandarase unha escola rural cun programa específico, parcialmente distinta da urbana, isto é, adaptada ás necesidades da economía campesiña, pero sen chegar a formular como sería a súa conexión co resto do sistema educativo. Á beira, podemos escoitar a esixencia de que os edificios deberían ser modélicos arquitectónicamente, respondendo ás características da "arquitectura do país".

---

<sup>27</sup> GABRIEL FERNÁNDEZ, N. de, "Lengua y escuela en Galicia", in ESCOLANO, A. (Dir.), *Leer y escribir en España. Doscientos años de alfabetización*, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, Madrid, 1992, pp. 165-185.

<sup>28</sup> RIVAS BARROS, S.A., *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagóxico*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2001, e RIVAS BARRÓS, S., *O ideario educativo do galeguismo. Escolma de textos e fontes bibliográficas*. E. do Castro, Sada, 2002.

<sup>29</sup> FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X., *Vicente Risco e a educación*. Tese de doutoramento inédita, Facultade CC. da Educación/ Universidade de Vigo, Ourense, 2009.

Non se mencionan, polo xeral, outras cuestións. Este modo de expresión que se observa na prensa de Galiza, máis tamén na de emigración<sup>30</sup>, adquire un ton máis programático nos textos resolutivos das Asambleas Nazionalistas (1918 e seguintes)<sup>31</sup>, do “1º Congreso de Estudos Galegos” celebrado en A Coruña en 1919<sup>32</sup>, e nos breves ensaios de Xohan Vicente Viqueira e de Vicente Risco. A eles nos referiremos, de seguido.

As Asambleas Nazionalistas só se deteñen na cuestión educativa para demandar a adaptación do ensino de Galicia, expresado xenericamente, e a súa dependencia dun “poder político rexional”. Rexístrase algunha maior concreción nas medidas de reforma educativa por parte do Congreso de “Estudios Gallegos”, aínda que hai nel menor decisión na demanda dun Poder político propio que é substituído por unha formulación máis suave: “Establecimiento de la región, con organismo regional, hacienda propia y autonomía integral”.

Neste Congreso demándase a creación en Galicia de distintos estudos: cátedra de lingua e literatura galaico-portuguesa, establecemento dunha estación de bioloxía marina con capacidade docente, estudos de minería, turismo, hidroloxía médica e ensinanzas técnicas náutico-pesqueiras, así como tamén a creación de “Escolas de Emigrantes” (*sic*), locais-escolas con adecuadas condicións hixiénico-sanitarias, e una aula de educación especial en todos os colexios graduados de todas as “ciudades importantes de Galicia”.

Alén da demanda da implantación do ensino graduado, tamén hai neste Congreso unha referencia ás escolas rurais, “ás que se lles debe de dotar de campos de experimentación agrícola”, e que deberán establecer relacións coas urbanas “a través da correspondencia, entre uns e outros, o intercambio de produtos e as excursións recíprocas”.

Hai, por fin, unha referencia ao uso do galego: “en Galicia -di a conclusión 10ª da Sección de Estudos Pedagóxicos- debe emplearse la lengua regional en los comienzos de la vida escolar, sin que esto suponga ni por un instante olvido y exclusión del idioma nacional, en que debe darse toda la enseñanza”.

Aquí quedaba establecida unha diferente visión dentro de perspectivas “galeguistas”, entre os “rexionalistas” e os “nacionalistas” emerxentes, de quen agora falaremos.

---

<sup>30</sup> Por exemplo, en *El Despertar Gallego* da Federación de Sociedades Agrarias e Culturais da República Arxentina, creada en 1921, en *Galicia, Acción Gallega, Céltiga, Alborada*, ou en *Correo de Galicia*, como antecedentes da intensa preocupación manifestada desde 1926 por parte de *A Fouce*, que promovía a “Asociación Nazionalista Ponda”.

<sup>31</sup> Referímonos ás Asambleas Nazionalistas, celebradas en Lugo e en Monforte nos anos 1918, 1919 e 1921, e tamén ao “1º Congreso de Economía de Galicia”, celebrado en 1925. Na primeira delas interviron decisivamente Luís Porteiro García e Luís Peña Novo. O seu 5º Acordo di estritamente ao referirse as “facultades do Poder Galego”: “A potestade docente do Estado actual pasará ao Poder Galego”.

<sup>32</sup> Véxase a información oportuna en INSTITUTO DE ESTUDIOS GALEGOS, *1º Congreso de Estudios Gallegos. La Coruña. Conclusiones aprobadas*, Imp. La Artística, La Coruña, 1919.

Hai que falar de primeiras, de Xohan Vicente Viqueira, o filósofo e psicólogo galego<sup>33</sup>, institucionista<sup>34</sup>, home das Irmandades da Fala<sup>35</sup>, europeísta de formación, de ideais sociais avanzados, profesor do Instituto da Coruña, conferenciante e publicista<sup>36</sup>. Probablemente teña sido el quen compuxo cos seus traballos sobre a educación en Galiza as mellores e máis acabadas liñas programáticas do galeguismo nacionalista valedoras entre 1918 e 1936.

Ben por riba e noutro plano do que escribiron en distintos intres, tanto Vicente Risco, como Correa Calderon, dito isto en contra dos criterios sostidos e expresados aínda recentemente por parte de José Fernández e de Pardo de Neyra, con respecto a cada un estes nomes últimos citados<sup>37</sup>.

<sup>33</sup> Dada a información biográfica constituída sobre Xohan V. Viqueira en distintas publicacións non retornaremos aquí sobre os seus detalles. Xohan V. Viqueira (1886-1924), que estudou na ILE en Madrid, doutorouse en Filosofía na Universidade Central e estudou e coñeceu a psicoloxía internacional a través das súas estadias en París e sobre todo en Alemaña entre 1911 e 1914. Dende 1915 foi profesor na propia ILE en Madrid e no Museo Pedagóxico Nacional, denantes de incorporarse ao Instituto de Santiago e a continuación do da Coruña, como catedrático de Psicoloxía, Lóxica e Ética. A súa formación filosófica e psicolóxica, a súa cualificación investigadora, o seu coñecemento de linguas (francés, inglés, alemán, portugués) e o seu xorne intelectual levárono a ser autor de informados textos psicolóxicos, filosóficos e tamén psico-pedagóxicos, incluíndo entre tales textos tanto a elaboración propia, como a tradución ao castelán. Vid. *TORRES REGUEIRO, X., Xoán Vicente Viqueira e o nacionalismo galego*, E. do Castro, Sada, 1987.

<sup>34</sup> Polos seus vencellos familiares dende meniño estivo vencellado á ILE, a D. Francisco Giner e, sobre todo, ao seu tío e relevante figura D. Manuel B. Cossío, profundamente estudada entre nós por Uxío Otero Urtaza. Sobre a conexión de Viqueira coa ILE escribiu fermosas e primeiras páxinas Anxo Porto Ucha no seu texto *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. E. do Castro, Sada, 1986.

<sup>35</sup> Desde 1917 tivo ocasión de participar Viqueira nas actividades das Irmandades e foi, en efecto, Presidente do grupo da Coruña no fin dos anos dez e comezo dos anos vinte.

<sup>36</sup> Arredor dos valores da súa obra filosófica, pedagóxica e psicolóxica, faise a anotación dos seguintes traballos: REGUEIRA, R., *X.V. Viqueira: Teoría e praxe*, Novo Século, Padrón, 1992; COSTA RICO, A., X.V. Viqueira: un profesor formador /un reformador da educación, in COSTA RICO, *A reforma da educación (1906-1936)*. X. V. Viqueira e a historia da psicopedagogía en Galicia. O Castro, Sada, 1996, pp. 63-101; e COSTA RICO, A., "A Psicoloxía Pedagógica de X. V. Viqueira (1919) no contexto do desenvolvemento de psicoloxía internacional", *Revista Galego-portuguesa de Psicoloxía e Educación*, vol. 16 (2008) 7-30.

<sup>37</sup> Con respecto a Vicente Risco e ao seu "Plan pedagóxico pr'a galeguización d'as escolas" (1921), en certo modo completado co seu "Informe do irmán Risco", escribiu José Fernández na súa recente Tese (*op. cit.*: 2009) *Vicente Risco e a educación* que este autor debería ser considerado como o "máximo teorizador da galeguización educativa" (p. 20), quen, ademais "introduce conceptos pedagóxicos avanzados e modernos" (p. 350), sinalando aínda que "as bases da pedagogía risquiiana eran as da Escola Nova" (p. 363). É todo unha desmesura. Máis moderadamente si se pode dicir que os textos de Risco son oportuna guía para un proceso de galeguización que se puidera emprender, sobre todo, nunha das escolas fundadas polos emigrantes. De feito, debemos recordar que o texto de Risco (1921) obedece a un encargo, ben acometido: a IIª Asamblea Nazionalista celebrada en 1921 encárgalle a V. Risco que "redacte un plan pedagóxico pr'as escolas rurais de Galicia" (ao tempo de acordar que o Directorio das Irmandades se dirixa as Sociedades Galegas de América para "orientalas no labor galeguista que deben facer nas escolas que sosteñen en Galicia"; máis alén do que podía ser feito como galeguización dunha escola concreta non hai no *Plan* ningún outro planteamento que aborde os problemas educativos e as propostas de resolución e orientación para o conxunto do sistema educativo en Galicia, o que, sen embargo, si está presente nos planteamentos de X. V. Viqueira.

Outra desmesura está presente tamén no traballo de X. Pardo de Neyra, "Literatura, política e educación na Galiza da época Nós. As teorías pedagóxicas do nacionalismo galego: do primorriverismo ao republicanismo" (*Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 13 (2009) pp. 43-67), onde se apunta a Correa Calderón

Para o que aquí nos interesa, hai que sinalar que Viqueira é autor de catro textos publicados nos anos 1917 e 1918 en *A Nosa Terra* que reabsorberá nun texto máis longo, “Nosos problemas educativos”, tamén aquí publicado en 1918, logo de ser o texto dunha memorable Conferencia pronunciada no Circo de Artesáns da Coruña. É tamén autor doutro contributo de 1921, igualmente publicado en *A Nosa Terra*, e que titulou “Pensamentos para unha universidade galega”: En síntese, as formulacións que nestes textos realiza Viqueira sobre a necesaria reforma da educación en Galicia, incluírán o seguinte:

- Unha crítica ao sistema educativo porque o seu saber “non é un saber para a vida en Galicia”, carécese de ensino técnico e os ensinamentos son en castelán, sendo “absurdo ensinar nunha lingua estranxeira”.
- Reclama un ensino “organizado polo Estado rexional (galego)”
- Fai unha aposta por unha “nova educación galega”, con metodoloxía didáctica activa, porque “a nosa época quere actores”.
- Un ensino en lingua galega
- Un bacharelato unificado (proposta adiantada naquela época).
- A existencia dun “tecnicum”; é decir, dun conxunto de centros técnicos, configurando “unha Escola Técnica Galega”
- A creación dunha completa Facultade de Filosofía, con todo o preciso abano de especializacións, comezando por un “Instituto Científico Galego”.
- Unha Residencia de Señoritas (como as existentes e previstas noutros lugares).
- A existencia de organismos científicos e docentes (sen perfilar) e o establecemento de “intensas relacións internacionais” desde Galiza nos planos científico e cultural.

Para superar “os nosos máis evidentes problemas educativos”, a proposta de Viqueira, aínda que con silenzos sobre asuntos que, por exemplo, abordaban as Bases Socialistas do mesmo ano de 1918, podería servir de plano orientador das demandas.

Faremos, agora, referencia ao “Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas” de 1921, escrito por V. Risco<sup>38</sup>. Este cingue as súas propostas ao dominio do que se debora

---

como gran construtor dunha teoría pedagóxica en Galicia, mediante o seu curso ensaio *Notas para un magisterio idealista. Ensayo de pedagogía* (Imp. De G. Castro, Lugo, 1927), ao sinalar que “o seu labor se situou á vangarda da teoría da educación en Galiza” (p. 45), tratándose apenas dun breve texto non relevante, se o examinamos á luz do que eran no momento as formulacións da teoría pedagóxica.

<sup>38</sup> Fixemos unha referencia á súa xénese na nota 37. O *Plan* foi publicado nos números 6 e 7 de 1921 da Revista Nós e, nunha medida foi actualizado por Vicente Risco mediante o texto “Informe do Irmán Risco”, publicado en *A Nosa Terra*, nºs 333-334 (1934), pp. 3 e 1, respectivamente: un “Informe programa para a creación en Ourense dunha Escola Galega, rexentada polo Grupo Galeguista, só o impulso da Sociedade “Unión Provincial Orensana”, entidade de emigrados galegos residentes en Bos Aires. Estos dous documentos foron publicados recentemente baixo o coidado de José Fernández Fernández, en *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 13, 2009, p. 167 e ss. Por outra parte, o *Plan pedagóxico* de Risco xa fora reproducido e editado por nós en 1980 (*O ensino en Galicia. Problemática e perspectiva*, pp. 51-61).



facen nunha escola rural, ocupándose, así, das condicións construtivas do edificio escolar (“unha casa galega, a máis enxebre de todas”): había de sere un centro ben incorporado ao medio natural, e como en Suíza e Alemaña “do estilo do país”; un espazo agradable no interior e para facilitar a proximidade na comunicación entre o profesor e o alumnado<sup>39</sup>; un espazo onde se respete a personalidade dos nenos, onde se cultive a educación moral social (tomando en consideración as “virtudes propias da nosa Raza” (galega); cunha metodoloxía didáctica, parcialmente activa<sup>40</sup>, onde se cultive o sentimento da terra, tamén co emprego das “Cantigas da Terra, que xa se cantan en moitas escolas de Galiza”. “O escolante ha de ser a y alma da escola”: isto é, escolantes “imbuídos do Ideal da Raza e da Tradición da Terra”<sup>41</sup>. Un espazo no que se promova a auto-actividade dos escolares e se faga unha constante apelación á *intuición sensible*<sup>42</sup>. Risco fala dunha escola que promove en distinto grao o uso do galego oral e escrito, como tamén o estudo da xeografía, a historia, a lingua, a literatura e a arte de Galiza, ademais dos varios ensinamentos prácticos e de aplicación económica que en Galiza puidieran ser útiles (referíndose, fundamentalmente, á economía campesiña). Un plan, pois, para a “galeguización” difusa dunha escola, a partir da acción do mestre, sen ningunha outra intervención ou interferencia. Lonxe, da abordaxe de todo o que habería que remover /movilizar para facer avanzar a reforma educativa entre nós.

Aínda, dende as súas limitacións, o *Plan* de Risco tivo algunha virtualidade. Nalgunha pequena medida serviu á orientación galeguizadora dunha pequena parte das escolas impulsadas polos emigrantes, se ben baixo o pulo máis decidido e democrático de Antón Alonso Ríos, como estudou Xosé M. Malheiro<sup>43</sup>, e algo puido igualmente influir na creación da única “Escola do insiño galego” promovida polas Irmandades da Fala da Coruña (1923-30), e máis directamente por Anxel Casal, que estudou Sabela Rivas<sup>44</sup>. A máis de dez anos do *Plan* de Risco aínda non se tería ido moito alén: en 1931 o en 1932 os da Sociedade Pondal de Buenos Aires seguían clamando contra a desgaleguización escolar, reclamando ante iso a creación –como xa fixeran en Cataluña con tres décadas de antelación– dunha “Sociedade Protectora da Escola Galega”, un proxecto finalmente inédito.

## O Seminario de Estudos Galegos e a educación

O 14 de outubro de 1933 quedaba, por fin, constituída a Sección de Pedagogía do SEG, baixo a presidencia de Manuel Díaz Rozas, inspector-xefe do ensino primario na Co-

<sup>39</sup> Non se fai mención da presenza das nenas, nin da coeducación, nin tampoco da graduación escolar.

<sup>40</sup> Que se cingue a: cantos, traballos manuais, ximnasia, traballos de xardín e experiencias de física.

<sup>41</sup> Dáselle unha misión espiritual e idealista aos Mestres, moi debatida xa no seu momento, desde outras perspectivas socio-políticas, e coincidente en parte coas propostas de Viqueira.

<sup>42</sup> Principio de intuición sensible, procedente de Pestalozzi, e que Risco propón para a abordaxe do estudo da realidade natural, físico-xeográfica e histórica de Galicia, pero sen extendelo a todo o que é o campo social e institucional tamén envolvente.

<sup>43</sup> MALHEIRO GUTIÉRREZ, X.M., *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagóxico*: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos, O Castro, Sada, 2006.

<sup>44</sup> RIVAS BARRÓS, S., “Escola do insiño Galego”, *Revista Galega de Educación*, 25 (1996).

ruña<sup>45</sup>. Á súa beira creábase tamén o Laboratorio de Psicotecnia, dirixido este por Antonio Iglesias Vilarelle<sup>46</sup>. Pero, a Sección de Pedagogía naciña sen bases teóricas, nin organizativas que nos permitan valorar o seu alcance; en todo caso, desenvolveu algunhas accións que procedemos a indicar:

1.- De seguido da súa creación, os membros da Sección Alonso Ríos, Nuñez Búa, García Vidal e Filgueira Valverde refrexaron nun documento a posible creación do “Patronato da Escola Rural Galega”, que como tal se aprobou, aínda que non pasou de ser un documento. As súas pretensións foron enunciadas no apartado dous do proxecto, relativo ás finalidades, que transcribimos integramente:

- a) O estudo i-ensaiño dos métodos a aplicar na escola rural galega e nuns centros escolares de tipo superior e popular que, ampliando os ensinamentos primarios difundan no agro os novos procedementos de cultivo, de cría e selección de gandos, de industrias pecuarias e as súas derivadas, creen nas masas aldeáns o senso cooperativo, manteñan o apego ao chan labrego, fomenten o espírito comunal e realicen unha laboira de orientación e renovamento do traballo campesiño.
- b) A preparación dos mestres rurais por medio becas, pensións, cursos de conferencias, orientacións agrícolas e cooperativas etc.
- c) A edición e difusión de libros escolares galegos.
- d) A implantación, dirección e administración das escolas galegas de orientación campesiña, i-o patronato das que, xa establecidas, lle señan confiadas.
- e) A organización de estadísticas i-o fomento dos estudos de pedagogía experimental e mensura da capacidade e das aptitudes dos escolares, con aplicación ao agro galego.
- f) A propaganda das institucións de pedagogía rural<sup>47</sup>.

2.- En 1934, a través da colaboración do SEG, a asociación cultural pontevedresa “Labor Galega”, que promovían García Vidal e Filgueira Valverde, abría un concurso de traballos escolares<sup>48</sup> arredor de:

---

<sup>45</sup> O inspector de maior relevancia administrativa en Galiza naqueles momentos. A creación, sen embargo, era desde 1928 unha petición formulada por V. Risco, como expuxemos no texto *Escolas e Mestres* (1989).

<sup>46</sup> As dúas instancias, se fosen tomadas en conxunto, poderían ser vistas como unha tradución do que en 1932 buscara Manuel Díaz Rozas, coa proposta de creación da “Sociedade Paidolóxica Gallega”, sometida a legalización administrativa, pero sen tradución como tal, aínda que con alguna derivación posterior observable na posta en marcha da “Asociación de Vanguardia Pedagóxica” na provincia da Coruña, en 1935, onde, con outros profesionais, tamén intervéñ Manuel Díaz Rozas. Vid. COSTA RICO, A., *A reforma da educación en Galicia (1907-1936)*, op. cit.

<sup>47</sup> SEG, *Actas*, Instituto de Estudos Gallegos P. Sarmiento/ Santiago de Compostela; editado en *Escolas e Mestres*, pp. 332. Estritamente, a aprobación primeira desde Proxecto fixérase a comezos de 1933.

<sup>48</sup> Recollido en *Escolas e Mestres*, p. 349.

- Vocabularios de palabras galegas da vida mariñeira, da vida campesiña e dos oficios artesanais,
- Descrición de xogos populares infantís<sup>49</sup>,
- Un texto ou textos de H<sup>º</sup> da Galiza.

3.- En agosto de 1935, o SEG desenvolve a súa máis soada actuación pública a través das sesións de Extensión Cultural celebradas en Pontevedra<sup>50</sup>, incluíndo varias series organizadas de conferencias, tamén radiadas, ás que asistiron un número non menor de profesores e de alumnos normalistas, versando a temática sobre asuntos de xeografía e historia de Galicia, economía agraria e en menor medida sobre cuestións pedagóxicas, con central atención cara ao tratamento do bilingüismo escolar, por parte neste caso de Díaz Rozas; apelaba á necesidade de libros escolares feitos en Galiza e de autonomía política e pedagóxica como medio de salvagarda da cultura galega, segundo quedou plasmado nas páxinas do boletín *Escuela Vivida*, que daquela editaba vizosamente a “Casa del Maestro” de Pontevedra. Interviran xunto a citado Díaz Rozas, Xerardo Álvarez Limeses, e Xosé Nuñez Búa nas cuestións do ensino.

Aí terminaría o catálogo do realizado pola Sección de Pedagogía do SEG. Pouco, sen dúbida. Hai algunhas outras iniciativas que poderíamos ligar a ela e que procedemos a enumerar:

- a) O SEG foi o editor en 1925 do texto literario de Filgueira Valverde *Os nenos*, con referencias aos nenos irlandeses, no contexto das loitas pola independencia nacional de Irlanda.
- b) En 1928 incorporábase ao SEG o inspector pontevedrés e galeguista Xerardo Álvarez Limeses, estudoso da realidade escolar provincial. Fariao posteriormente outro inspector, Rogelio Pérez González (“Roxerius”), un decidido defensor tanto da galeguización escolar, como da renovación pedagóxica, segundo deixou escrito en abondosos textos en *El Pueblo Gallego*, sobre todo nos anos 1927, 1933 e 1934.
- c) O tamén profesor Álvaro da Casas, membro do SEG, preparou en 1932 un “Cuestionario de Xeografía” para o alumnado de Institutos<sup>51</sup>, abondando na experiencia que viña sostendo no de Noia e que conduciu á edición en 1936 duns dez pequenos

---

<sup>49</sup> Actualmente, podemos intuír a directa relación desta proposta coa preocupación etnográfica manifestada desde principios de século en Pontevedra no marco das actividades da “Sociedad Arqueológica”, baixo o liderato de Casto Sampedro. Recentemente editouse un texto de 1911 que nos era descoñecido; falamos de CASAL y LOIS, J., *Xogos populares en Pontevedra*, ed. por Xosé Fuentes Alende, e o Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2008.

<sup>50</sup> Conferencias que contaban co antecedente das pronunciadas en 1933 no Colexio Labor de Vigo, tendo por público as adolescentes da organización xuvenil “Ultreya”, que cuidaba Álvaro das Casas, un dos destacados membros do Partido Galeguista.

<sup>51</sup> *Vid. en Nós*, 15.1.1933.

- libros, de entre 30 e 50 páxinas e 100 exemplares de tirada en cada caso, falando de historia, xeografía e literatura galega<sup>52</sup>.
- d) A fins de 1932, o propio SEG, que viña de editar o *Método de lectura*<sup>53</sup> de Josefa Iglesias Vilarelle (o primeiro método para a aprendizaxe da lectura en galego da nosa historia), aprobara a preparación da serie de once manuais “A Terra, o Pobo e a Historia de Galicia”, sobre variados aspectos da realidade social, física e histórica de Galicia, dos que como tales<sup>54</sup> non se editou ningún.
- e) O Laboratorio de Psicotecnia pretendía adaptar desde unha analítica galega distintas probas psicotécnicas para uso escolar, na procura dunha adaptada pedagogía experimental; neste senso, nas terras de Lalín e de Nemancos foron aplicados a unha parte dos escolares o test das cen preguntas de Ballard, o de debuxo de Goodenough, o de comprensión de Galí, e o de rapidez de cálculo de Claparède.
- f) En 1935 José Toba Fernández, novo profesor da Escola de Maxisterio de Santiago presentaba como traballo de ingreso no SEG (aínda que non aparece entre os nomes da Sección de Pedagogía) o texto *Problemas que nos plantea la escuela y el niño de Galicia*<sup>55</sup>. Referíase Toba á escola como un centro de socialización que debía reforzar a acción educativa da comunidade; unha escola sintonizada con Galicia; unha “Escola Nova”. Facía, igualmente, referencias aos mestres (ligados aos entornos socioproductivos), ás escolas de aplicación, aos edificios, aos programas (segundo a proposta dos “centros de interese” decrolyanos)<sup>56</sup>, á presenza do idioma galego, con uso dominante do galego en particular antes dos oito anos e nos medios rurais, e á necesidade de coñecer a psicoloxía dos nenos de Galiza.
- g) Segundo reolleu Alfonso Mato, semella que en 1935 estaba rematado o titulado *Cancioneiro musical escolar*, que arranxaran Bal y Gay e Torner, musicólogos e membros do SEG, o segundo deles asturiano e profesor en Galiza, prevéndose a posibilidade de edición<sup>57</sup>.
- h) Unha posibilidade tamén aberta para o texto de Xosé R. Fernández Oxea, outro inspector galeguista, o *Catón Galego*, que permanecerá logo longo tempo inédito.

---

<sup>52</sup> Véxase o pormenor en *Escolas e Mestres*, p. 349.

<sup>53</sup> IGLESIAS VILARELLE, J., *Método de lectura*, SEG, Antúnez, Pontevedra, 1932, “Publicaciones escolares”, 18 pp.

<sup>54</sup> Aínda así, por exemplo, Otero Pedrayo tiña escrito textos sobre a xeografía de Galiza.

<sup>55</sup> Texto editado en separata no *Boletín da Vanguardia Pedagógica* de A Coruña, como “Publicaciones de Vanguardia Pedagógica”, El Noroeste, A Coruña, 1935. Texto que reproducimos en COSTA RICO, *A reforma da educación*, op. cit., pp. 240-252.

<sup>56</sup> Un dos seus alumnos, Avelino Pousa Antelo, empregaría esta metodoloxía didáctica no seu ensaio de escola rural-agrícola en Ortoá-Sarria a fins dos anos corenta e primeiros cincuenta, que deu orixe ás escolas agrícolas da provincia de Lugo, unha iniciativa que se estendeu ata fin dos pasados anos sesenta.

<sup>57</sup> Bal y Gay e Torner recorreron en 1928 os escenarios de numerosas escolas rurais de Galicia a fin de recoller as pezas que logo escolmadas poderían ter formado parte deste *Cancioneiro*, hoxe descoñecido.

to<sup>58</sup>. Fernández Oxea recollera, ademais, extraordinarias referencias sobre a vida infantil rural, ampliando o rico acervo de Vicente Risco, como deixou singularmente expresado no seu extraordinario estudo etnográfico e de antropoloxía cultural *Santa Marta de Moreiras*<sup>59</sup>.

Co expresado, quérese sinalar que arredor da bandeira da Sección de Pedagogía do SEG, ademais da destacada e estudada figura de Díaz Rozas<sup>60</sup>, hai que apuntar unha nómina non menor de nomes: Álvarez Limeses<sup>61</sup>, Álvaro das Casas<sup>62</sup>, Couceiro Freijomil<sup>63</sup>, Xosefa Iglesias Vilarelle, Rogelio Pérez ("Roxerius"), Vicente Risco, Nuñez Búa, Fernández Oxea, Filgueira Valverde, Antón Alonso Ríos, Otero Espasandín<sup>64</sup>, Rafael Dieste<sup>65</sup> e García Vidal, algúns citados agora por primeira vez, pero todos membros do SEG e relacionados co ensino. Xentes de distinta formación. Xentes cunha limitada "cultura pedagógica", de quitada a figura de Díaz Rozas<sup>66</sup>. Xentes que militaban por maior parte no liberalismo, (membros como eran das chamadas "clases medias"), aínda que case sempre no nacionalismo (máis difuso tocantes á cuestión social). Non podería ser doado que esta plataforma humana puidera preparar unha ben formulada proposta programática para a reforma educativa en Galicia; había entre eles suficientes variacións ideolóxicas de algunha maior

---

<sup>58</sup> O texto permaneceu inédito ata 1969 en que con algún remozamento editorial foi impreso en E. O Castro, Sada.

<sup>59</sup> Cunha primeira edición en Castrelos, Vigo, 1968.

<sup>60</sup> Ao tempo de poder recuperar a súa considerable biblioteca, reunida coa súa dona e inspectora Cristina Pol, estudamos o seu perfil profesional en *A reforma da educación (1907-1936)*, pp. 38-49 e 205-225. Díaz Rozas morreu case en silencio na Coruña en 1984. Non fora do Partido Galeguista, aínda que si de crenzas republicanas ("orteguiano"), e un dos candidatos da Coalición de Esquerdas para o Congreso dos Deputados en 1933.

<sup>61</sup> Álvarez Limeses foi cofundador do Museo de Pontevedra, debendo ser vencellado sobre todo á Sección de Historia do SEG. De fonda relixiosidade católica foi un dos impulsores da revista *Logos* de Pontevedra. Morreu en 1940.

<sup>62</sup> Álvaro das Casas, exiliado como consecuencia da Ditadura franquista, e nacionalista ardente, foi un dos que animou o movemento dos Ultreya, baixo algunha influencia do movemento fascista italiano dos Balillas, a dicir de Nuñez Búa.

<sup>63</sup> Couceiro Freijomil, con algúns traballos antes de 1936, inspector do ensino, é singularmente coñecido polo seu extenso, valioso e erudito *Diccionario bio-bibliográfico de Escritores*, Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1951-1953.

<sup>64</sup> Otero Espasandín e o arriba citado Nuñez Búa debían ser dous vigorosos profesionais do ensino, persoas de notable cultura, como logo deixaron entrever nas súas actividades culturais, editoras, profesionais e asociativas desenvolvidas na Arxentina, entre os emigrantes e/os exilados políticos galegos, en primeiro lugar. Aí esta, por outra parte, a considerable participación de Espasandín nas Coleccións editoriais bonaerenses "Billiken" e "Oro" da Editorial Atlántica.

<sup>65</sup> Rafael Dieste, un dos animadores das Misións Pedagóxicas en Galiza, foi tamén un importante intelectual no exilio bonaerense, igualmente animador de importantes iniciativas editoriais, nalgunhas das que tivo como colaborador a Otero Espasandín.

<sup>66</sup> A súa biblioteca recuperada da constancia das súas preocupacións psico-pedagóxicas contemporáneas, como sinala en "La biblioteca que guardaron las gaviotas: memoria bibliográfica de dos inspectores republicanos", *Historia de la Educación*, 17 (1998) pp. 445-451.

importancia<sup>67</sup>, e contaron con tempo insuficiente para poder facelo. O 36 tronzou as esperanzas. Morreron na tristura aceda ou exiliáronse, cando menos, oito deles<sup>68</sup>.

O SEG: laboratorio dun plan pedagóxico para galiza

Podería ser considerada a sección de Pedagogía un laboratorio para un *plan* pedagóxico para Galicia? A resposta non pode ser simple. *Sic et non*, case nos termos de Abelardo.

Como suposto primeiro, avalado historiograficamente, debemos partir de que a aplicación administrativa da lexislación educativa española dictada dende había un século cunha óptica centralizadora xeraba resultados insatisfactorios no desenvolvemento da educación en Galiza. As nosas características socio-culturais específicas facían precisa a adecuación normativa e quizais outro marco político para a súa elaboración, como para a formación do profesorado e outras tarefas.

Tamén desde un punto de vista ligado ao desenvolvemento democrático, como no conxunto español, se sentía por parte de diversos sectores de opinión e profesionais a necesidade de abrir portas e de xerar un serio programa de reforma política e cultural da educación, isto é, un programa político-pedagóxico, en parte, na liña do aprobado polo PSOE en 1918.

Pero, se facemos un contraste entre o alí proclamado e o expresado no conxunto do ideario galeguista, veremos os importantes silencios político-pedagóxicos existentes no espazo galeguista.

O balance de actividades da Sección de Pedagogía do SEG, ou dos membros do SEG como tales, no campo pedagóxico é moi limitado. E aínda así, poderemos falar deste escenario como dun posible laboratorio. Reunía o acerto de comezar a pensar colectivamente os problemas da educación en Galiza e máis tamén un certo ánimo de “proxecto”, que foi moi precariamente desenvolvido. Reunía, vista a nómina dos catorce nomes sinalados, aos que se poderían achegar algúns outros, unha parte significativa da posible “intelixencia” pedagóxica, profesores e inspectores con recoñecido prestixio no contorno galego e con algún coñecemento da escea internacional da educación. Falamos, así, de acertos.

Mais as limitacións tamén resultan evidentes. Están na limitada configuración ideolóxica, con predominancia liberal-conservadora e relixiosa entre os seus componentes, o que limitaba a súa óptica sobre o ideario educativo e programático a propoñer e construír, mentres permanecía no exterior o debate de grandes retos presentes nos anos 30 nas políticas educativas en Europa: a escola única/unificada, a escola pública e democrática,

---

<sup>67</sup> As variacións ideolóxicas eran notables entre o conxunto dos membros do SEG, por propia aceptación do pluralismo. Nunha carta de Salvador Cabeza de León, presidente do SEG, a un dos seus membros, exhumada por Alfonso Mato no libro sobre o SEG, pode apreciarse a “distancia” con que o Presidente observa a actividade impresora compostelana de Anxel Casal: “... “imprime todas las hojas sindicalistas, comunistoides, etc...; no es lo más propicio...: allá él”. (MATO, *O SEG*, op. Cit., p. 98, nota 102).

<sup>68</sup> Poden verse maiores noticias en COSTA RICO, A., “Os ensinantes galegos e/o 36. Os mortos e os exiliados”, in BARRERA, E., *et alii*, *A II República e a Guerra Civil*, Concello de Culleredo / Deputación de A Coruña. A Coruña, 2006, pp. 487-521.

a coeducación, a participación social, o laicismo, e o re-deseño do conxunto dos currícula escolares. Custións que en Galiza se estaban a facer presentes, en parte, a través das voces dos ensinantes afiliados ás Asociacións de Traballadores do Ensino que se foron integrando na FETE ata chegar ao Congreso vigués da primavera de 1936, onde se constituiría a Federación Galega da “Federación Española de Trabajadores de la Enseñanza”<sup>69</sup>, cos que habería, entón, que abrir desde o SEG o conveniente diálogo, impedido polo 36.

Aínda neste segmento de opinión “galeguista” do SEG tampouco estaban voces urbanas e republicano-socialistas, daquela parcialmente configuradas, aínda que desde Galiza non emitirán os seus planteamentos educativos, fiados aos escenarios similares de Madrid.

Son estas parte das maiores carencias limitativas para a eficacia do posible laboratorio. Pero, con todo, na historia contemporánea de Galiza nunca houbera un espazo colectivo tan calificado para poder abordar un exame da problemática educativa xeral e dos seus posibles horizontes de resolución. Tería sido posible maior avance?

Entraríamos aquí na análise das condicións de posibilidade, nos termos de Foucault. Os procesos de articulación colectiva, no senso sociolóxico actual, foron serodios en Galiza, pois son do propio século XX, e isto empobreceu os escenarios de debate, ou impediú a súa suficiente maduración á altura dos anos trinta, e case sería outra gran tarefa a realizar, sen experiencias previas, ao tempo que se chegaba á autonomía política. A interrupción militar deste proceso non nos fai doado establecer máis supostos de indagación.

O SEG podería ter sido o Laboratorio, se se lles dese cita ás outras voces aludidas (as organizacións sindicais do profesorado, os sectores liberal-republicanos urbanos) e se a República puidese continuar, abrindo curso á autonomía política. Reuniríase, así, unha mellor intelixencia dos problemas, un mellor coñecemento dos posibles cursos de reforma a seguir e os azos políticos para facelo. Pero, *de facto*, non puido selo. O SEG, entón, é no campo educativo un símbolo a non mitificar.

---

<sup>69</sup> Unha análise da documentación, dos actores e dos acordos deste Congreso da FETE realizámola en *Escolas e Mestres*, pp. 282-289. E 446-454 e en COSTA RICO, A., “Socialismo e educación na Galicia do primeiro tercio do século XX”, in CASTRO, X., DE JUANA, J. (Eds.), *IIª Xornadas de Historia de Galicia*, Deputación Provincial, Ourense, 1986, pp. 135-164.